

5- O día 30

estivemos apoiados polo tío de Elena e Aurora e polo pai de Gael e a nai de Montxo porque cortar e furar algunhas cousas require moita forza.

Graciñas mil!!! sen a súa axuda non teríamos rematado.

Seguindo as suxerencias e indicacións que deu este ano Igaciencia estamos a facer cúpulas xeodésicas moi guais!!!

Son polo arquitecto Fuller, un dos que se lle adica este ano.

Os de infantil fixeron 1 cúpula xeodésica unida por gominolas

Esta ten moi pouquiño aguante porque as gominolas pesan pero é doada de facer e é bonita!!



e o resto fixeron unha con pallas, unida por encuadernadores.




Logo foi divertido meterse dentro... Claro que, Sara e Aurora non collen...

Pola contra, para Lena era a súa medida.

Parece a terra como un ventre materno!!!!

ou a gaiola da bruxa do conto de Hansel e Gretel!!!!

ou a moderna casa dos nosos bonecos
ou a casa dos nosos animais de xoguete...
como é grandíña teremos que colgala para que non ocupe sitio e inventar algo para subila e
baixala con facilidade ,
cando a queremos coller...
Vainos dar moito xogo.



Presentamos as 2 cúpulas ó concurso de Igaciencia,
Ciencia e Arte en galego, houbo pouca participación dos centros,
é unha mágoa!!!
Nós fomos premiados e
o día 4 de novembro é a entrega de premios en Lugo.

Faremos unha 3ª cúpula, máis grande, para xogar fora, e poderíamos repetir as outras 2 para coller soltura. A das palliñas é estupenda pero facer os furados require a forza e un control que nenos tan pequenos non teñen polo que precisan axuda para ter as pallas preparadas ou conseguir ferramentas que requiran menos forza. Montala é un estupendo exercicio e agora que está feito o modelo, poden facelo moito millor

